

*Orde do 9 de xullo de 2010 pola que se fixa o prezo de venda ao público dunha publicación da Consellería de Traballo e Benestar.*

En virtude do Decreto 79/2009, do 19 de abril, estableceuse a estrutura orgánica da Xunta de Galicia. Así mesmo, a través do Decreto 83/2009, do 21 de abril, fixouse a estrutura orgánica básica dos seus departamentos. Polo Decreto 335/2009, do 19 de xullo, establécese a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar que asume o exercicio das competencias das políticas autonómicas no ámbito laboral e do benestar.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandado e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Facenda, esta consellería:

#### DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase con IVE incluído.

#### Disposición derradeira

Única.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2010.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

#### ANEXO

Cooperativas de Galicia. Informe de síntese. 2007: 5,50 €.

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Orde do 16 de xullo de 2010 pola que se amplía a dotación orzamentaria para a concesión de axudas para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común convocadas pola Orde do 7 de abril de 2010.*

A Orde do 7 de abril de 2010 establecéronse as bases reguladoras das subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común (*Diario Oficial de Galicia* nº 67, do 12 de abril de 2010).

No artigo 15 da devandita orde, relativo ao financiamento, detállase nos puntos 1 e 2 a aplicación orza-

mentaria e o orzamento previsto para as dúas liñas de subvención, mentres que no punto 3 se recolle a posibilidade de ampliar o crédito dispoñible.

Tendo en conta o elevado número de solicitudes de subvencións que se recibiron e a necesidade dun maior financiamento, cómpre ampliar a dotación orzamentaria consignada inicialmente, coa finalidade de poder amparar as solicitudes presentadas, sempre que cumpran co establecido na orde citada anteriormente.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

#### DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-Segundo o disposto no artigo 15.3º da Orde do 7 de abril de 2010, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en comunidades de montes veciñais en man común e se convocan para o ano 2010, a Consellería do Medio Rural, chegado o caso, poderá ampliar o crédito dispoñible para o financiamento desta orde, cando o aumento veña derivado de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo de aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Segundo.-Amplíase a dotación orzamentaria da aplicación orzamentaria 13.05.551B.770.0 que se recolle na orde desta consellería, do 7 de abril de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 67, do 12 de abril), pola que se convocan subvencións para a prevención e defensa contra os incendios forestais en montes veciñais en man común, nun total de 660.000 euros para a liña I: subvencións para o control selectivo de combustible.

Terceiro.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 7 de abril de 2010.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural